



BOOM



BAAM!

ARTS & CRAFTS

(PLÁSTICA)



BANG!

CRA de Rianxo

Curso 2020/21



KA-POW!

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

1.1. CONTEXTUALIZACIÓN

1.2. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

2. 1º DE PRIMARIA (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

3. 2º DE PRIMARIA (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

4. AVALIACIÓN

4.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

4.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

4.3. AVALIACIÓN DA POSIBLE EDUCACIÓN DE XEITO TELEMÁTICO

5. EDUCACIÓN EN VALORES (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

6. METODOLOXÍA

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

8. RECURSOS DIDÁCTICOS (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

9. FOMENTO DA LECTURA E EMPREGO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

10. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

1. INTRODUCCIÓN

1.1. CONTEXTUALIZACIÓN

O CRA de Rianxo está ubicado no concello do mesmo nome e acolle oito escolas situadas en distintas zonas do mesmo. Conta ademais cun lugar de reunións do profesorado (sede) ubicado na localidade de Asados. Os alumnos/as teñen os seus domicilios moi cerca das escolas onde están escolarizados, polo tanto, non hai transporte escolar nin comedor, sendo os pais/nais os encargados de traelos e recollelos diariamente.

As familias proceden, en xeral, deste mesmo municipio, residindo na súa maioría en vivendas unifamiliares propias. O nivel económico é medio, estando a súa actividade laboral relacionada sobre todo co mar e coa industria, concretamente no que se refire ás fábricas conserveiras. O idioma predominante entre as familias é o galego, coas peculiaridades propias da zona, como é o seseo explosivo e a gheada.

O CRA actualmente conta con xornada única sendo o seu horario de 9:00 a 14:00. Neste curso académico 2020/2021 están escolarizados no centro 113 alumnos, 93 matriculados en EI e 20 na EP. Ademais, contamos con 20 mestres (9 titoras de infantil, 2 mestras de apoio, 2 titoras de primaria, 1 mestre de inglés, 1 mestre de educación física, 1 mestre de música, 1 mestra de relixión, 1 mestra de PT, 1 mestra de AL e 1 orientadora). Este curso escolar temos aprobadas Catro **Seccións Bilingües** para as materias de plástica e Educación física en 1º e 2º de Primaria, impartíndose a plástica nas escolas de Pazo, Capela e Rañó e educación física nas escolas de Pazo, Capela, Abuín, Raño e Quintáns.

Por tratarse dun CRA, tódalas escolas presentan agrupamentos mixtos, acollendo a alumnos/as de diferentes idades, con diferentes intereses e distintas peculiaridades en función do seu nivel de escolarización. Así, os máis pequenos manteñen a atención períodos máis curtos de tempo que os maiores, e teñen máis necesidade de movemento, precisando cambiar de actividade máis a miúdo. Esta diversidade do alumnado, é un dos valores e, á vez, unha das singularidades do CRA á que debemos prestar especial atención.

1.2. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

Os seguintes cadros de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias, e mínimos esixibles, non presentan ningunha variación con respecto á programación do curso 19/20. Adxúntanse de todas formas, para que quede constancia dos mínimos esixibles.

2. 1º DE PRIMARIA

BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL					
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	MÍNIMO ESIXIBLE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ j ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Valoración e respecto polas obras plásticas do contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.1. Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SI
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ j ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Valoración da limpeza, a orde e a presentación ao realizar un traballo. ▪ B1.3. Satisfacción na manipulación e na exploración de diferentes materiais. ▪ B1.4. Interese por usar adecuadamente os instrumentos, os espazos etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.2.1. Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SI
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Observación e exploración sensorial dos elementos plásticos presentes nos ámbitos natural, artificial e artístico. ▪ B1.6. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. ▪ B1.7. Observación de elementos plásticos do ambiente artificial presentes en edificios, moblaxe urbana, luminosos ou sinais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.3.1. Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e artificial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SI
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.3.2. Identifica, nomea e debuxa as formas básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CMCC ▪ T 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SI
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.3.3. Identifica os tamaños. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCC ▪ T 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SI
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SI
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.3.5. Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SI

BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	MÍNIMO ESIXIBLE
			plásticos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCC T 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.3.6. Recoñece e nomea as principais partes da figura humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCC T ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SI
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCC T 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SI
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP1.3.8. Identifica os diferentes tipos de liña. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCC T 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SI
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións das obras plásticas. ▪ B1.9. Observación da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos, e comentarios posteriores sobre elas. ▪ B1.10. Expresión oral das impresións que a obra artística xera. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Usar léxico sinxelo e adecuado para comentar as obras plásticas propias e alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.4.1. Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeiras, usando o vocabulario axeitado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ SI
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo. ▪ B1.12. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos de vivendas, maquetas, mapas etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Identificar diferentes formas de representación do espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.5.1. Observa diferentes formas de presentar o espazo. ▪ EPB1.5.2. Explora as distancias, os percorridos e as situacións de obxectos e persoas en relación ao espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CMCC T ▪ CCEC ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ NON ▪ NON
Actividades de Aprendizaxe			Temporalización		
<p>Identificar e nomear as liñas e figuras xeométricas nun cadro. Observar, recoñecer e respetar a labor artística de diferentes autores(Kandinsky, Paul Klee, Picasso, Van Gogh, Haring, Dalí, Arcimboldo...) Buscar en internet cadros dos mesmos autores. Observar, identificar e nomear patróns. Identificar e nomear as cores primarias e secundarias. Identificar e nomear as cores cálidas e frías.</p>			<p>Ao longo do curso</p>		

BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL					
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	MÍNIMO ESIXIBLE
	Distinguir distintas texturas en alimentos. Explicar as características das súas composicións artísticas. Mostrar interese pola arquitectura e os deseños arquitectónicos. Identificar o fondo, o plano medio e primeiro plano para reflexar profundidade.				

BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA					
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	MÍNIMO ESIXIBLE
▪ j	▪ B2.1. Uso de diferentes formas, texturas e cores nas producións.	▪ B2.1. Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.	▪ EPB2.1.1. Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais.	▪ CCEC	▪ NON
			▪ EPB2.1.2. Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.	▪ CCEC ▪ CSIEE	▪ NON
			▪ EPB2.1.3. Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.	▪ CCEC ▪ CAA	▪ SI
			▪ EPB2.1.4. Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.	▪ CCEC	▪ SI
▪ j	▪ B2.2. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, ilustracións, volumes, encartado de formas etc. ▪ B2.3. Manipulación de obxectos para a súa transformación (monicreques, disfraces, escenarios etc.). ▪ B2.4. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras.	▪ B2.2. Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.	▪ EPB2.2.1. Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.	▪ CCEC ▪ CAA	▪ NON
			▪ EPB2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.).	▪ CCEC ▪ CSIEE	▪ SI
			▪ EPB2.2.3. Realiza un mosaico, coa axuda da cuadrícula, identificando e recoñecendo os	▪ CCEC	▪ NON

BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA					
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	MÍNIMO ESIXIBLE
			tamaños.		
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.4. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA 	<ul style="list-style-type: none"> SI
<ul style="list-style-type: none"> a b 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Manipulación adecuada de materiais, instrumentos e espazos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Respetar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.3.1. Respecta as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC 	<ul style="list-style-type: none"> SI
Actividades de aprendizaxe			Temporalización		
<p>Debuxar e colorear os distintos materiais artísticos que teñen no seu estoxo. Facer un debuxo utilizando diversas liñas e figuras e colorealo con lápices de cera. Continuar patróns a base de liñas, figuras e cores. Utilizar obxectos reciclables para facer manualidades. Mesturar cores primarias para obter cores secundarias. Modelar plastilina para facer esculturas e decoracións de nadal. Realizar proxectos en grupo respectando as ideas dos demais e as tarefas asignadas. Experimentar con diferentes materiais do entorno (area, cera etc) e levar a cabo diferentes producións con estes.</p>			Ao longo do curso		

3. 2º DE PRIMARIA

BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL					
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Mínimo esixible
<ul style="list-style-type: none"> j e 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1.Exploración sensorial de elementos presentes no contorno natural (plantas, árbores, minerais, animais, auga etc.). B1.2. Observación de elementos plásticos do entorno artificial (edificios, mobiliario urbano, luminosos, sinais etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Identificar as diferentes materiais e formas de expresión plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL 	<ul style="list-style-type: none"> SI
<ul style="list-style-type: none"> e j 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Observación comentario da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos. B1.4. Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contexto. Identificación de nomes da profesión artística. B1.5. Descrición de imaxes presentes no contexto. B1.6. Exploración dos elementos plásticos nas imaxes (ilustracións, fotografías, cromos, carteis, logos etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB1.2.1. Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas. EPB1.2.2. Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC CCL CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> SI NON

▪ j ▪ e	▪ B1.7. Manipulación de obxectos cotiáns con diferentes texturas e formas. ▪ B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións.	▪ B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.	▪ EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.	▪ CCL ▪ CCEC	▪ SI
			▪ EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.	▪ CCEC	▪ SI
▪ j ▪ e	▪ B1.9. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo. ▪ B1.10. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos, maquetas, mapas etc.).	▪ B1.4. Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial.	▪ EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo.	▪ CCL ▪ CCEC	▪ SI
			▪ EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo.	▪ CCEC	▪ SI
▪ j	▪ B1.11. Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes	▪ B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.).	▪ EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.	▪ CCEC ▪ CAA	▪ SI

Actividades de aprendizaxe

Temporalización

Identificar e nomear as liñas e figuras xeométricas nun cadro.
 Observar, recoñecer e respetar a labor artística de diferentes autores(Kandinsky, Paul Klee, Picasso, Van Gogh, Haring Dalí, Arcimboldo...)
 Buscar en internet cadros dos mesmos autores.
 Observar, identificar e nomear patróns.
 Distinguir distintas texturas en alimentos.
 Explicar as características das súas composicións artísticas.
 Mostrar interese pola arquitectura e os deseños arquitectónicos.
 Identificar o fondo, o plano medio e primeiro plano para reflexar profundidade.

▪ Ao longo do curso

BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA

Obx	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC	Mínimo esixible
▪ j ▪ b	▪ B2.1. Exploración de cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre diversos soportes.	▪ B2.1. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	▪ EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores.	▪ CCEC ▪ CAA	▪ SI
			▪ EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias.	▪ CCEC ▪ CAA	▪ SI
			▪ EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias	▪ CCEC	▪ NON

			(maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilizaas con sentido nas súas obras.	CAA	
			EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza.	CCEC CAA	SI
J b	B2.2. Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do entorno próximo.	B2.2. Identificar o entorno próximo e o imaxinario, explicándoo con linguaxe plástica adecuada ás súas características.	EPB2.2.1 Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario.	CCEC	SI
			EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.	CCEC CSC	SI
j b	B2.3. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións etc. B2.4. Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso noutras actividades escolares.	B2.3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas.	EPB2.3.1. Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais.	CCEC CAA	SI
			EP2.3.2. Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.	CCEC CAA	SI
j g	B2.5. Experimentación con tipos de liñas (curva, recta, quebrada etc.). B2.6. Exploración das liñas que delimitan contornos e do espazo que delimita a forma aberta, pechada, plana e en volume.	B2.4. Utilizar nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.) e formas xeométricas.	EP2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.	CCEC CAA	SI
			EP2.4.2. Emprega ferramentas básicas do debuxo (regra e escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas.	CCEC CAA	SI
			EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas.	CCEC CAA	SI
j h	B2.7. Exploración visual e táctil da figura humana.	B2.5. Recoñecer as partes principais da figura humana.	EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.	CCEC CMCC T	SI
j i	B2.8. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas.	B2.6. Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais.	EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.	CCEC	SI
			EP2.6.2. Desenha sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.	CCEC CD	SI
a	B2.9. Interese por usar axeitadamente e de maneira	B2.7. Coidar, respectar e utilizar	EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas	CSC	SI

▪ j	<ul style="list-style-type: none"> progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos. ▪ B2.10. Satisfacción coa manipulación e a exploración dos materiais. 	axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos.	preestablecidas.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ j ▪ c 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Interese polo traballo individual e colectivo confiando nas posibilidades da produción artística. ▪ B2.12. Respecto polas contribucións dos compañeiros e das compañeiras, e disposición para resolver as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. 	▪ CSC	*SI
Actividades de aprendizaxe			Temporalización		
<p>Debuxar e colorear os distintos materiais artísticos que teñen no seu estoxo. Facer un debuxo utilizando diversas liñas e figuras e colorealo con lápices de cera. Continuar patróns a base de liñas, figuras e cores. Identificar e nomear as cores primarias e secundarias. Identificar e nomear as cores cálidas e frías. Utilizar obxectos reciclables para facer manualidades. Mesturar cores primarias para obter cores secundarias. Modelar plastilina para facer esculturas e decoracións de nadal. Realizar proxectos en grupo respectando as ideas dos demais e as tarefas asignadas. Experimentar con diferentes materiais do entorno (area, cera etc) e levar a cabo diferentes producións con estes.</p>			Ao longo do curso		

4. AVALIACIÓN

- 4.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN **SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)**
- 4.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN **SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)**
- 4.3. **AVALIACIÓN DA POSIBLE EDUCACIÓN DE XEITO TELEMÁTICO.**

No caso de darse unha educación de xeito telemático por confinamento ben de aula ou de centro, agardarase polas instrucións da consellería de educación para a avaliación de xeito telemático.

5. EDUCACIÓN EN VALORES (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

6. METODOLOXÍA

PRESENCIAL (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

METODOLOXÍA PARA AUSENCIAS FORZOSAS DO ALUMNADO.

Dada a crise sanitaria, pódese dar o caso de que o alumnado teña que ausentarse da escola, debido a que na súa familia ou contactos próximos existan contaxios por COVID19, co cal, veríase privado do seu dereito á educación. Para paliar isto, o mestre, manterá actualizada a aula virtual con actividades relacionadas cos temas que se estén traballando na aula nese momento. Deste xeito o alumnado ausente poderá botar man delas durante a súa ausencia, contando por suposto, co apoio telemático do mestre, e dos compañeiros, cos que realizaría algunha videoconferencia puntual dentro do horario lectivo.

ADAPTACIÓN METODOLÓXICA AO ENSINO A DISTANCIA.

Ante a situación actual de crise sanitaria é necesario prever unha alternativa ao ensino presencial a través das ferramentas dixitais institucionais.

PROPOSTA DE TRABALLO SEMANAL:

O primeiro día da semana faráselle chegar ao alumnado, a través de whatsapp, as tarefas semanais a realizar durante a semana.

Todas as actividades que se manden ao alumnado a través do teléfono, estarán peduradas na aula virtual do centro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo/aulavirtual/>

DÚBIDAS E OUTRAS CUESTIÓNS:

Para a aclaración de dúbidas do traballo semanal o alumnado terá disponible o teléfono ou WhatsApp do mestre que será utilizado en horario lectivo.

VIDEOCONFERENCIA:

Establecerase 1 sesión semanal de traballo co alumnado. Nestas comunicacións reforzarase de forma lúdica os aprendizaxes básicos para cubrir as 4 destrezas de xeito mínimo.

TITORÍAS:

As familias terán a súa disposición o teléfono do mestre que permita realizar as titorías ou a aclaración de calquera dúbida.

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

8. RECURSOS DIDÁCTICOS (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

9. FOMENTO DA LECTURA E EMPREGO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

ACCIÓNS ACORDES CO PROXECTO LECTOR. (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

ACCIÓNS ACORDES CO PROXECTO DE INTEGRACIÓN DAS TICs. (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)

10. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN (SEN VARIACIÓNS RESPECTO AO CURSO 19/20)